

**CONCELLERÍA
DE
EMPREGO****CONCELLO
DE VIGO**

EXPTE.: 55/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2019 DA CONCELLERÍA DE EMPREGO, ECONOMÍA, INDUSTRIA, VOLUNTARIADO E RELACIÓN CON SINDICATOS

ANTEDECENTES

Emítase o seguinte informe xustificativo respecto das subvencións nominativas remitidas pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos para a súa inclusión no orzamento do ano 2019:

INFORME

I. Subvencións nominativas para fomento de emprego con motivo da organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, como *Desenvolvemento promocional de eventos xeradores de emprego* e de *Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local*):

Estas subvencións nominativa outórganse por mor da repercusión que cara ao fomento do emprego representa a organización destes eventos, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

1º.- FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (SEA FEST), con cargo á partida orzamentaria 24104700002, por importe de 105.000 €: Subvención nominativa á Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival "VIGO SEAFEST", para dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles, ao tempo que representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional.

2º.- CONVENIO FEIRA CONXEMAR, con cargo á partida orzamentaria 24104700003, por importe de 100.000 €: Subvención nominativa á Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), cara a dinamización sectorial da actividade económica das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, e para fomento do emprego da cidade derivado directamente da organización da "Feira internacional de produtos do mar conxelados" e "congresos e seminarios relacionados coa pesca".

II. Subvencións nominativas para fomento de emprego a través das organizacións sindicais (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, como *Fomento e Desenvolvemento da Actividade de Representación Social e Sindical*):

Subvencións nominativas encadradas no marco das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, impulsadas pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, polas que o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais máis significativas e coa máis alta representación a nivel municipal, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, que redundan en beneficio da cidade:

1º.- CONVENIO UGT FOMENTO DO EMPREGO, con cargo á partida orzamentaria 24104800001, por importe de 22.000 €.

2º.- CONVENIO CIG FOMENTO DO EMPREGO, con cargo á partida orzamentaria 24104800002, por importe de 22.000 €.

3º.- CONVENIO CC.OO FOMENTO DO EMPREGO, con cargo á partida orzamentaria 24104800003, por importe de 22.000 €.

III. Subvencións para fomento de emprego dos colectivos prioritarios: mulleres vítimas de violencia, xente moza e persoas en risco de exclusión social (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, dentro dos *Plans de Emprego*):



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2018 13:26

Páxina 1 de 3

Expediente 55/142

CSV: 2EEA51-5FB6B7-D4855B-AKK2MH-5TJ7BS-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



EXPTE.: 55/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2019 DA CONCELLERÍA DE EMPREGO, ECONOMÍA, INDUSTRIA, VOLUNTARIADO E RELACIÓN CON SINDICATOS

Subvencións nominativas encadradas no marco das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, especialmente dirixidas aos colectivos prioritarios, impulsadas pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, polas que o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades e asociacións máis significativas no seu ámbito, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, que redundan en beneficio da cidade.

1º.- CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS, con cargo á partida orzamentaria 24104800007, por importe de 50.000 €:

O convenio ten por obxecto instrumentar unha subvención nominativa á “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos” no marco do plan municipal de emprego, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral e fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

Dada a falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio destas mulleres na cidade, outórgase a presente subvención nominativa á Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” como única entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, e polo seu especial coñecemento da situación destas mulleres na cidade de Vigo.

2º.- CONVENIO ASOCI.MARIÑEIRO ARTESANAIS, con cargo á partida orzamentaria 24104890001, por importe de 16.000 €:

Outórgase a presente subvención nominativa á Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, singularizada por estar integrada por un grupo de mariñeiros profesionais, xubilados, que viñan facendo actividades mariñeiras e de lecer na praia do Adro de Bouzas ata que se decidiron a organizar e fundar a dita Asociación inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións para o fomento da cultura mariñeira, en liña coa actuación desenvolvida por esta Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, no marco das súas políticas de emprego e formación de desempregados mozos, a través da cualificación en ocupacións relacionadas coa recuperación do patrimonio artístico, cultural e tradicional, que deu lugar ás Escolas Obradoiros “Mar de Vigo”, onde se realizaron traballos de construción de réplicas de embarcacións tradicionais como a Traíña, Bote polbeiro, Gamela coruxeira, o Galeón e unha dorna tope.

3º.- CONVENIO FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO, con cargo á partida orzamentaria 24104890002, por importe de 16.000 €:

A comunidade xitana é un dos colectivos con maior risco de exclusión, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, que require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

De acordo co exposto, o presente convenio instrumenta unha subvención nominativa á FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO, como encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social e o Programa Operativo de Empleo Juvenil 2014-2020 que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 105 e 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación xitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 Integración socioeconómica de comunidades marginadas e no Obxectivo Temático 8.2 sobre a integración sostible no mercado de traballo dos xóvenes que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marginadas.

4º.- "CONVENIO FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN", con cargo á partida orzamentaria 24104890020, por importe de 540.000 €:

Dentro das políticas de emprego municipal impulsadas pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, continúa cunha proposta municipal de Fomento do Emprego, que dará continuación ás realizadas desde o ano 2012, para a atención á cidadanía mediante coidadores de barrio, de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa de persoas con risco ou situación de exclusión social, outorgando a presente subvención nominativa polo profundo coñecemento que ten a Fundación ERGUETE-Integración da situación das persoas en risco ou situación de exclusión social, así como a falta de persoal especializado no acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, que impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. A vixencia do convenio asinado no 2018 é plurianual, cunha duración de dous anos dende a aprobación do mesmo ata o 31 de outubro do ano 2019, cun importe total que ascende a 1.080.000,00 €, correspondendo a cantidade



**CONCELLERÍA
DE
EMPREGO**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPTE.: 55/142

TRÁMITE: INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2019 DA CONCELLERÍA DE EMPREGO, ECONOMÍA, INDUSTRIA, VOLUNTARIADO E RELACIÓN CON SINDICATOS

de 540.000,00 ao orzamento de 2018 e 540.000,00 ao orzamento de 2019, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Fundación Érguete-Integración no orzamento de dito ano.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.- Francisco J. Gutiérrez Orúe

CONFORME:

Vigo, na data da sinatura dixital

O Concelleiro Delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.- Santos Hector Rodríguez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2018 13:26

Páxina 3 de 3

Expediente 55/142

CSV: 2EEA51-5FB6B7-D4855B-AKK2MH-5TJ7BS-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>